

Primaria

Ciencias Sociais 3

Programación

Unidade 3

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Oriéntome no espazo.

Descrición da unidade

Nesta unidade didáctica veremos as diferentes formas de orientarnos no espazo. Os devanditos contidos trataranse de acordo coa seguinte secuencia didáctica, que presenta un eixe condutor sobre o que fundamentar o proceso de ensino-aprendizaxe:

- Aproximarémonos aos conceptos de plano e de mapa como instrumentos de representación da realidade e estudaremos os principais elementos que o forman e os seus tipos.
- Despois, atenderemos á diferenciación entre globo terráqueo e mapamundi como dúas formas de representación da Terra.
- A continuación, experimentaremos outras formas de orientarnos no medio natural (a posición do Sol, a vexetación, a estrela polar e o compás) e nos mapas de Galicia e de España.
- Nas últimas páxinas consideraremos dúas tarefas competenciais co fin de adquirir o logro das competencias básicas en relación cos contidos tratados ao longo da unidade, así como un repaso da unidade para afianzalos.

Temporalización:

Novembro Decembro

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer o plano e os seus elementos e aprender a usalo.
- Coñecer o mapa e os seus elementos e aprender a usalo identificando distintos tipos de mapas.
- Aprender a orientarse recoñecendo os puntos cardinais.
- Adquirir dominio da orientación espacial en diversas situacións e formas.
- Valorar a importancia do plano e do mapa nas diferentes actividades cotiás e profesións.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento do plano e os seus elementos, marcas, signos convencionais, lenda, escala e toponimia. • Coñecemento do mapa e os seus elementos, marcas, signos convencionais, lenda, escala e toponimia. • Presentación dos diversos tipos de mapas, como os mapas físicos, políticos ou temáticos. • Adquirir dominio da orientación espacial en diversas situacións e formas. • Valoración da importancia do plano e do mapa nas diferentes actividades cotiás e profesións. 	1. Adquirir unha idea básica do que é un plano e dos elementos que adoita conter.	1.1. Define plano e asocia planos sinxelos cos obxectos reais representados nel e orientándose con el.
	2. Adquirir a idea de mapa e coñecer os seus diversos elementos, identificando símbolos convencionais e interpretando lendas de distintos tipos de mapas.	2.1. Define mapa e coñece os diversos elementos que o compoñen: marcas, signos convencionais, lenda, escala e toponimia.
	3. Coñecer os distintos tipos de mapas e a súa función: mapas físicos, políticos e temáticos.	3.1. Diferencia e interpreta distintos tipos de mapas e a súa función, como os mapas físicos, políticos, do tempo, os económicos e os históricos.
	4. Identificar e recoñecer os puntos cardinais, orientándose coa posición do Sol.	4.1. Identifica e recoñece os puntos cardinais, asociar o leste e o oeste coas correspondentes posicións do Sol no ceo, localizando o norte e o sur.
	5. Localizar a estrela polar como forma de orientarse na noite.	5.1. Localiza a estrela polar como forma de orientarse na noite.
	6. Coñecer o funcionamento e o manexo do compás.	6.1. Coñece o funcionamento e o manexo do compás.
	7. Coñecer e distinguir a vexetación das abas montañosas para orientarse no espazo natural.	7.1. Coñece e distingue a vexetación das abas montañosas para axudar a orientarse no espazo natural.
	8. Valorar a importancia do plano e do mapa nas diferentes actividades cotiás e profesións.	8.1. Valora a importancia do plano e do mapa nas diferentes actividades cotiás e profesións.

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Caderno de traballo (CT)

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Define plano e asocia planos sinxelos cos obxectos reais representados nel e orientándose con el.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades propostas na PD. • Actividades propostas no CT.
2.1. Define mapa e coñece os diversos elementos que o compoñen: marcas, signos convencionais, lenda, escala e toponimia.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades propostas na PD. • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas no CT.
3.1. Diferencia e interpreta distintos tipos de mapas e a súa función, como os mapas físicos, políticos, do tempo, os económicos e os históricos.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades propostas na PD. • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas no CT.
4.1. Identifica e recoñece os puntos cardinais, asociar o leste e o oeste coas correspondentes posicións do Sol no ceo, localizando o norte e o sur.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades propostas na PD. • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas nos RF.
5.1. Localiza a estrela polar como forma de orientarse na noite.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades propostas na PD. • Selección de actividades do LA.
6.1. Coñece o funcionamento e o manexo do compás.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Proxecto proposto na PD. • Actividades propostas nos RF.
7.1. Coñece e distingue a vexetación das abas montañosas para axudar a orientarse no espazo natural.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA.
8.1. Valora a importancia do plano e do mapa nas diferentes actividades cotiás e profesións.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas no CT.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos.	Entende o enunciado das actividades e exercicios sen necesidade de axuda.
	Expresar oralmente, de forma ordenada e clara, calquera tipo de información.	Interpreta de forma oral un plano ou un mapa.
	Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.	Utiliza o código lingüístico para expresar e interpretar mapas e planos.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Interactuar co contorno de xeito respectuoso.	Utiliza o medio natural para orientarse no espazo de diferentes formas.
	Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos, eixes cartesianos...) en situacións cotiás.	Utiliza datos numéricos, unidades de medida de lonxitude e de tempo, así como diferentes algoritmos, para resolver problemas da vida cotiá.
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Encontra información adecuada para resolver as diferentes actividades propostas.
	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza Internet para buscar o significado das palabras así como recurso doutras aprendizaxes.
<i>Aprender a aprender.</i>	Avaliar a consecución dos obxectivos de aprendizaxe.	Comproba a través das diferentes actividades o resultado do proceso de ensino-aprendizaxe.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.	Representa ideas e conceptos en esquemas ou gráficos simples.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Recoñecer riqueza na diversidade das opinións e ideas.	Respecta as opinións e os diferentes puntos de vista dos demais nas chuvias de ideas, debates e asembleas realizadas.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse	Esfórzase e persevera na súa aprendizaxe: atende, participa e

	desde o coñecemento dos distintos valores.	realiza as actividades con interese.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Identifica os seus erros na tarefa.
	Actuar con responsabilidade social e sentido.	Colabora e participa activamente nas tarefas grupais.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Apreciar a beleza das expresións artísticas e na vida cotiá.	Recoñecer a beleza de diferentes monumentos e obras de arte da localidade.
	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Realiza o traballo con pulcritude.

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: Xa non me perdo!

- Activación de coñecementos previos sobre o título no LA e suxestións da PD.
- Describiremos e interpretaremos as imaxes do LA e realizaremos a lectura inicial segundo as suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades propostas tras a lectura no LA.
- Completamos con actividades da PD.

Tarefa 2: O plano

- Detección de coñecementos previos segundo as suxestións metodolóxicas da PD.
- Lectura compartida do concepto e os elementos do plano no LA seguindo as suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD.

Tarefa 3: O mapa

- Activación de coñecementos previos a partir das suxestións metodolóxicas da PD.
- Lectura compartida do texto sobre o mapa e os seus elementos atendendo ás suxestións metodolóxicas da PD.
- Realización das actividades propostas do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD.

Tarefa 4: Outras formas de orientarnos no espazo.

- Introducimos os contidos deste bloque segundo as suxestións metodolóxicas da PD.
- Procederáse á lectura de paxina correspondente do LA e á descrición e interpretación das imaxes segundo as suxestións metodolóxicas da PD.
- Realización das actividades propostas no LA e as interactivas do LD.
- Completamos coas actividades propostas na PD.

Tarefa 5: Tarefas / Competencias

«Oriéntome no colexio»

- Realización das actividades propostas pola tarefa competencial no LA acorde ás suxestións metodolóxicas da PD.
- Completamos con actividades da PD e con outras interactivas do LD.

«Oriéntome na cidade»

- Realización das actividades propostas pola tarefa competencial no LA acorde ás suxestións metodolóxicas da PD.
- Completamos con actividades da PD, outras interactivas do LD e as fichas de reforzo dos RF.

Tarefa 6: Que aprendemos?

- Realizamos as actividades de repaso da unidade do LA.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.

Tarefa 7: Que aprendemos no trimestre?

- Realizamos as actividades de repaso do trimestre do LA e completamos con actividades interactivas do LD e as fichas de reforzo e de ampliación dos RF.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo, como a lectura compartida, parada de tres minutos e mesa redonda. Igualmente, propíciase a explicación de contidos a partir de lapis ao centro ou mapa conceptual compartido.
- Comprensión e reforzo dos contidos da unidade dunha forma moi práctica mediante as tarefas «Oriéntome no colexio» e «Oriéntome na cidade».
- Elaboración dunha rosa dos ventos, que servirá para afondar no traballo sobre os puntos cardinais.
- Traballo co plano. A partir da lenda. Interpretación de planos e mapas. Elaboración do plano dun cuarto. Elaboración do plano da clase.
- Elaboración dun compás caseiro e orientarse pola posición do Sol.
- A predición do tempo. Traballo con diferentes tipos de mapas. Interpretación e uso de símbolos.
- Posta en común en gran grupo, despois do traballo individual ou grupal.
- Exposición do profesor.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Ciencias Sociais:

- Recursos fotocopiabes da proposta didáctica, con actividades de reforzo, ampliación e avaliación.
- Caderno complementario ao libro do alumno, o caderno de traballo.
- Material complementario do mural: o mapamundi, o mapa político de España e o mapa político de Galicia.
- Ademais, propónse a utilización do seguinte material manipulativo para axudar á adquisición dos contidos: material funxible, como cartolinas, plastilina, gomets...

Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña a proposta didáctica, cos recursos fotocopiabes.
- Na proposta didáctica recóllense algúns enlaces web puntuais para algúns epígrafes.
- Materiais dixitais da páxina web da editorial con diferentes recursos e actividades.

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Proba de avaliación da unidade (nos recursos fotocopiáveis).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?